

Compostela
licita
700.000€ en
obras



Páxina 5

A Coruña
plantará 1500
novas árbores



Páxina 8

Adegas da
Ribeira Sacra
reciben
medallas



Páxina 9

Ourense
encarga
medicións de
gas radón



Páxina 10

Investimentos
da Xunta nos
Peares



Páxina 12

Gold List Traveler
Internacional
destaca a
Balneario de
Mondariz



Páxina 20

Nova cita con Xantar en Expoureense



Páxina 16

Entrevista



Ramón Reimunde
escritor e presidente de PROMAGAL

“A mala prensa do
eucalipto viría por non
favorecer a biodiversidade”

Páxina 14



Concello de Lugo

LU O IMPULSO
DA SÚA XENTE
GO!

www.lugo.gal

OPINIÓN

Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

A cuestión catalá e Galicia

Os partidos soberanistas obtiveron a maioría absoluta nas eleccións catalás, cun 47,5% de votos e 70 escaños sobre 135. O resultado é aínda máis rechamante se temos en conta que a convocatoria electoral dende o Goberno do Estado era ilexítima, por mor dunha inconstitucional aplicación do 155 e que os partidos non desfrutaron das mesmas posibilidades, cos principais candidatos de Junts x Catalunya e ERC no cárcere ou no exilio.

Mais o feito de obter Cs o primeiro posto en votos (máis do 25%) e escaños,

a falta dunha maioría absoluta de votos independentista e a grave derrota da CUP (que baixa de 10 escaños a só 4) achega certas particularidades a esta vitoria electoral. Junts x Catalunya e ERC non van precisar deles para gobernar e interpretarán o seu 43% de votos (frente ao 39,5% de Junts x Si do 2015) no sentido dun mandato cidadá para continuar co procès, malia que afastándose dunha vía unilateral que semella arquivada polo de agora.

Agora é, pois, a hora da política. O tripartito dinástico do 155 non continuará unido como até de agora. O

PSC-e canda él o PSOE-han pasar páxina da suicida colaboración co PP e con Cs e buscar un espazo propio, quizais partillado parcialmente cuns Comúns desterrados á irrelevancia. E será Pedro Sánchez quen primeiro requirirá de Rajoy unha oferta de negociación. Por outra banda, a situación evolucionará no ámbito da Unión Europea, onde as simpatías do soberanismo catalán cotizarán á discreta alza, sendo probábeis as presións ao Goberno do Estado para que abandone o inmovilismo e abra unha negociación para unha reforma constitucional en termos de federalismo asimétrico, para garantir o encaixe da singularidade catalá.

Podería ocorrer, xa que logo, que este inverno se abrise a vía para negociar

unha reforma constitucional que podería limitarse a recoñecer máis competencias (e blindalas de eventuais iniciativas recentralizadoras) e un mellor financiamento ou incluír tamén a vía para un referéndum catalán vencellante, con regras máis ou menos ríxidas, na liña da lei da claridade canadiana.

Galicia non habería ficar á marxe desta reforma constitucional. Porque a ampliación e blindaxe do autogoberno é a única vía factíbel para o noso benestar, tendo en conta que os nosos intereses económicos non adoitan coincidir cos intereses económicos xerais.



Afouteza

Afouteza foi a verba do ano 2017 escollida pola maioría dos votos do público no Portal das Palabras da RAG. Afouteza ten dous sentidos segundo o Dicionario da RAG: disposición de espírito para actuar sen temor aos perigos e a seguridade que alguén ten en si mesmo. Xa que logo, unha persoa afouta non é temeraria, porque dirixe a súa acción consciente deses perigos e non enfronta o que non pode conlevar. A afouteza é un concepto proactivo,

moito máis aló da reactiva teimudez que, porén, poderá constituir unha das cualidades da persoa afouta en varias das etapas da súa acción.

A seguridade en si propio da persoa afouta esixe sabermos quen somos, de onde vimos e onde imos. É esa seguridade a que fai posíbel actuar con consciencia e xestión dos perigos e dificultades, mais sen amedonarmos por eles, sen que a dificultade da tarefa nos faga recuar.

Os pobos, as nacións, como entes

colectivos tamén precisan de afouteza. Precisan saber onde veñen, o seu pasado, e onde queren ir e precisan de seguridade en si propios. E a seguridade dunha nación esixe sempre a súa autonomía, o seu self government: pouco pode dar Galicia no contexto estatal, europeo e universal senón é consciente da súa identidade, coñecedora do seu pasado e autónoma á hora de decidirmos o futuro.

Un pobo será afouto se vive nos valores cívicos e democráticos e produce políticos con data de caducidade e suxeitos á revogación cidadá que sexan quen de tecer consensos, propór obxectivos e pór os intereses colectivos

diantes dos individuais. Unha nación é afouta cando é maior de idade para rachar co dependentismo e comprende que require no mundo de socios, mais non de titores. Un país é afouto cando sabe construír relacións permanentes de comunidade con outros países dende a igualdade, o compromiso e a voluntariedade.

Si, é ben significativo que a verba máis votada da lingua galega este ano fose afouteza. Sen dúbida os seus votantes, coma centos de milleiros de galegos, estaban a formular a súa arela dun País próspero e seguro de si. Un País autónomo, aberto ao mundo e solidario.

Dereito penal do inimigo

Una corte de apelación do Tribunal Supremo (TS) constituída para resolver o recurso de O. Junqueras contra a prisión preventiva acordada polo maxistrado instrutor do mesmo Tribunal, P. Lla-rena, rexeitou o recurso do líder catalán, por considerar que existía risco fundado de reiteración delictiva, malia o compromiso de respecto á legalidade expresado polo preso político.

Porén, o verdadeiramente grave desta resolución xudicial son as súas conclusións constituíndo corpo dou-

trinal dende as desaxeladas teses da Fiscalía Xeral do Estado e do maxistrado Lla-rena a respecto da aplicación do delito de rebelión aos límites do procès, nunha interpretación dos feitos e aplicación dos tipos penais máis propia dunha sentenza definitiva ca do limitado coñecemento propio dunha resolución cautelar e provisional.

O artigo 472.5 do Código Penal (CP) castiga como rebeldes aos que declaren a independencia dunha parte do territorio do Estado alzándose de xeito público e violento. Mais até

de agora constitúe feito non controvertido, mesmo internacionalmente, o carácter esencialmente non violento do procès. Os propios maxistrados do TS recoñecen que non consta que Junqueras participase en feitos violentos nin dese ordes directas para desenvolver esa caste de accións. Pero para a corte de apelación do TS a violencia existe dende o intre no que Junqueras, como vicepresidente catalán, debeu pensar que o desenvolvemento do procès podería causar reaccións de violencia lexítima por parte do Estado. Para o TS a pacífica ocupación dos colexios electorais constituíu a causa das violentas actuacións policiais do 1-0 que, xa que logo, serían

tamén da responsabilidade de Junqueras e integrarían ese elemento de violencia que esixe o devandito artigo do CP para que exista o delito de rebelión.

Velaí a revirada aplicación da Lei que fai o TS, impropia dun Dereito Penal dos cidadáns, o único posíbel nos Estados democráticos. Semella máis ben que se está a aplicar un Dereito Penal do inimigo, propio dun estado de excepción non declarado. E a aplicación do concepto de inimigo no Dereito interno sempre foi o xerme da destrución autoritaria do Estado, segundo o profesor Raúl Zaffaroni.

Como ven de escribir o constitucionalista J. Pérez Royo "esto no puede acabar bien nunca".

EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



Que tal recibiron o novo ano?

O pasado ano 2017 tívonos preocupados polo que pasaba en Cataluña. Dende o goberno Central (léase Rajoy e satélites) deuse un puñetazo na mesa e mandaron parar. Suspenderon a autonomía, practicamente, meteron no cárcere un montón de dirixentes políticos e sociais (outros fuxiron e non puideron botarlles a luva), puxéronse ao timón da Generalitat e convocaron eleccións que se celebraron o pasado día 21 de decembro.

A intención era que con estas medidas os cataláns, como nenos asustados, ían meterse debaixo da mesa e pedir perdón. Non foi así, obviamente. Os cálculos do goberno só lle funcionan cando os dirixe Montoro; aí non hai fallo. Logo, os outros, as decisións políticas rematan sendo un cúmulo de erros que como di o refrán “daquelas augas veñen estes lodos”.

Celebráronse as eleccións convocadas por Rajoy pero o seu particular “ungüento de fierabrás” (léase artigo 155 da Constitución) non lle funcionou. Os chamados secesionistas, independentistas, soberanistas (segundo conveña) non só non desapareceron do mapa político senón que voltaron conseguir maioría de Deputados para o próximo Parlamento Catalán. A marca branca do PP, léase Cidadáns, conseguiu un moi bo resultado. O PP (partido matriz din algúns) quedou no último lugar, a punto de desaparecer da política catalá.

Agora estamos á espera do que poida ocorrer. Nada bo, polo que estamos vendo, pero...é de supoñer que en Madrid, que son tan listiños eles, saiban sair do charco, da chapuza política que nos ofreceron en Cataluña.

Mentras todo o País estaba pendente do caso catalán, o goberno non daba

contas de nada. Cando saía do guión político e para que a Rajoy se lle enchera a boca e presumira da boa marcha da economía. Claro que as cousas non eran, non son así como nolas pinta.

Imos darlle, queridos lectores, uns cantos datos que veñen a confirmar que “España no va bien”, nin nos tempos de Aznar nin agora.

Vexamos pois, unha cantas guindas: Acordo cos sindicatos e patronais sobre o novo soldo base. Subirá un 20% de aquí ao 2020 sempre que a economía, o PIB suba un 2,50 %. Caso de non ser así o Goberno non terá ningún compromiso para aumentar o soldo base. Curioso; Montoro non da puntada sen nó. El repartirá máis diñeiro se hai unha maior cotización de traballadores e empresarios. Falar de repartir a riqueza de maneira máis xusta non se contempla no acordo. E a xente aplaude coas orellas!! O soldo base español non chega aos 800€.

Pero fíxense nos soldos base dos países de Europa dun nivel semellante ao noso: Francia=1.480€; Alemaia=1490€; R. Unido=1100€; P. Baixos=1.550; Bélxica=1560; Luxemburgo=1.988 €.

Somente teñen o soldo base máis baixo Portugal, Grecia e algúns máis.

É que nesta España que vai coma un tiro temos o 20,33% da poboación en risco de exclusión social; a metade dos fogares galegos non superan os 1700€/mes; dous de cada dez residentes ingresaron en 2017 menos de 634€. En Galicia 30.000 fogares están sustentados grazas ás axudas e subsidios. Sen embargo os bancos recuperaron 7.700 millóns de euros.

Tampouco nos informou o Sr. Rajoy que dende o ano 2009 o investimento en Educación caeu un 37%; en Sanidade un 12%. Que as infraestruturas de obra

civil tiveron un retroceso do 60% respecto ao ano 2007 e un 80% respecto ao ano 2009. O investimento dos concellos e deputacións segue fundida; igual que en aeroportos e zonas urbanas con caídas do 80% sobre 2007. En investimentos viarios a caída superou o 40%.

Son datos oficiais, non inventados por ningún friki que lle teña manía ao Goberno.

Para ir rematando, estes días o Sr. Montoro (o que ten a hucha dos cartos públicos) ameazou os Gobernos Autonómicos con non ingresarlles nada a conta neste anos mentras non lle aproben os Orzamentos do Estado. Si claro; sóalles a unha chantaxe, non si? Obviamente, é unha asquerosa chantaxe. Claro que ao País Vasco isto non lles preocupa. Eles, como deberamos ter nós tamén, teñen realmente competencias como Goberno. É o Sr. Montoro quen ten que esperar a que a Caixa dos Cartos vasca lle transfira o que ao Goberno Central lle corresponda polo seu investimento naquela Comunidade. Era isto, precisamente, o que pedían os cataláns nos últimos anos; pero, claro...quen manda manda e así lles vai.

A pregunta que todos nos facemos é: por que non nos din a verdade?, por que non nos din a que petos vai parar esa mellora da economía española? ; porque está claro que á maioría da poboación non; porque está claro que se aumenta o nivel de familias en exclusión social é porque aos seus petos non chega esa abundancia.

Pero así seguimos; á Sra. Merkel, á Banca e aos Fondos de Buitres hai que telos contentos.

Diante da chamada desesperada de Luis de Guindos acudiron como hienas a meterlle o dente ao capital español. O máis insaciable foi o fondo Blackrok.

Tamén acudiu, animado por Felipe González, o mexicano Carlos Slim para facerse co emporio de FCC e de Aqualia (a maior distribuidora de auga de España). Din que nestes momentos tenlle botado o ollo a Repsol.

En poucos anos e a prezo de saldo os fondos estranxeiros fixéronse co control de 19 das 35 empresas do IBEX. Por non falar do control practicamente total que as multinacionais estranxeiras exercen nas máis importantes empresas do sector industrial, así como os fondos norteamericanos sobre o patrimonio inmobiliario herdado das Caixas de aforros. Recentemente o BBVA vendeulle as fondos USA o seu patrimonio inmobiliario de 70.000 inmobeis a prezo de ganga.

As eléctricas Endesa, Enaás ou Iberdola xa pasaron a mans estranxeiras. Blackrock é o primeiro accionista dos bancos Santander e BBVA. Tamén controla DIA, Ferrovial, Repsol e Iberia. En canto a CEPISA xa pertence total mente ao fondo IPIC de Abu Dhabi.

Non se escapan a esta rapiñada os medios de comunicación como Mediaset, Antena 3 con PRISA á cabeza.

Toda esta venda en forma de saldo do país comezou con Felipe González (lembra ao seu Ministro de Economía, Sr. Solchaga, que afirmaba que España era o país europeo no que se podían facer os mellores negocios), continuou con Aznar, seguiu con Zapatero e, claro, Rajoy non ía ser menos.

Pregunta do millón: quen manda realmente neste país?, de que somos donos os españois? Vostedes mesmos poden darse a resposta.

Que o 2018 poidan ser felices coas poucas cousas que nos permiten disfrutar. Ás veces, cando realmente somos felices, de poucas cousas precisamos.

FUCO PRADO





SOCIAL SOLIDARIA SUSTENTABLE

GARANTÍA BÁSICA CIDADÁ

Renda municipal: prestación económica temporal prevista para cubrir as necesidades básicas das persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade social.

Prestacións de rescate social: prestacións económicas de carácter puntual, destinadas a atender situacións de urxencia de persoas que non poden facer fronte a necesidades básicas.



mais.social.santiagodecompostela.gal



O Goberno de Compostela inicia a licitación de obras orzamentadas en máis de 700.000 euros

O Goberno local aprobou o venres 29 o inicio do procedemento de licitación de catro actuacións longamente demandadas en Santiago, cun investimento de máis de 700.000 euros. O concelleiro Xan Duro, encargado de dar conta dos acordos da Xunta de Goberno, salientou o "elevado volume de investimentos que se está a licitar nas últimas reunións do Executivo, e que fará que o 2018 sexa o ano da obra pública en Compostela".

Das obras licitadas, a proposta da concellería de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial, as de maior orzamento serán as da rexeneración do pavimento da calzada dos viarios de acceso ao Palacio de Congresos (Miguel Ferro Caaveiro e Fernando Casas Novoa). A actuación ten un tipo máximo de licitación de case 274.000 euros e un prazo de execución de tres meses, e permitirá renovar por completo o firme do viario. Ao tempo tamén se acometerán reparacións puntuais nas beirarrúas e mellorarase a accesibilidade nos pasos de peóns existentes.

Ademais, iniciouse o procedemento de contratación



Xan Duro deu conta dos asuntos tratados na Xunta de Goberno

das obras de mellora da accesibilidade na rúa Bispo Diego Peláez, cun tipo de licitación de 230.000 euros. Os traballos, cun prazo de execución de cinco meses, permitirán diminuír os desniveis entre a rúa e os portais dos edificios para salvar as escaleiras existentes na actualidade. Tamén se ampliarán as beirarrúas, renovaranse as redes de servizo e saneamento, e instalaranse novos colectores soterrados, elementos de alumeado e mobiliario urbano. Con este proxecto, completárase a renovación integral do barrio de Vista Alegre.

Outra actuación longamente agardada é a do acondicionamento do aparcadoiro público en superficie da avenida de Ferrol, no que se van investir uns 110.000 euros.

Por último, tamén se iniciou o procedemento de licitación do proxecto de reparación da calzada da rúa do Espírito Santo. A actuación ten un orzamento de 75.000 euros, e un prazo de execución de dous meses. O obxectivo das obras é "afrontar o deterioro xeral do pavimento de lastras da rúa, que presenta rotura de pezas e afondamentos en zonas puntuais, e que constitúe un risco para a seguridade viaria". O proxecto prevé retirar todo o pavimento existente para construír unha nova capa de rodadura de formigón, e permitirá afrontar a reparación das zonas de sumidoiros de pluviais. Tamén se reporán as pezas de madeira rotas, ou excesivamente deformadas, na pasarela situada na zona central da rúa.

O Concello aproba a creación de 44 novos postos de traballo

A Xunta de Goberno vén de darlle luz verde á Oferta Pública de Emprego do 2017, que inclúe a creación de 44 postos de traballo e a convocatoria de dúas prazas de promoción interna para uxieres. O Concello continúa así dotando de recursos humanos á Administración local, a pesar das restricións marcadas polo Goberno central coa taxa de reposición.

Dentro da Oferta Pública de Emprego destaca a reserva dunha praza para unha persoa con discapacidade intelectual, sendo a primeira vez na historia do Concello que se realiza esta reserva. Sumaríase a outras tres prazas que se reservan para persoas con diversidade funcional, superando o número mínimo que marca a lexislación estatal. Así, ofertáranse un total de 44 novas prazas ás que se lle suman dúas de promoción interna. O Concello

traballará con colectivos e asociacións de persoas con discapacidade intelectual para que a Oferta de Emprego sexa inclusiva na adaptación de temarios e na organización do proceso de selección.

Quenda libre

Dentro das novas prazas convócanse como persoal funcionario dous técnicos/as de xestión, un administrativo/a, un letrado/a, un arquitecto/a técnico/a, dous oficiais albañeiros, tres bombeiros condutores, dous policía locais, dez auxiliares administrativos, tres músicos/as (clarinete, trombón e frauta) e un técnico en informática.

Como persoal laboral convócanse tres psicólogos/as, dous educadores/as familiares, tres traballadores/as sociais, un axente de desenvolvemento local, un técnico de orientación laboral, un coordinador/a de centro sociocultural e seis animadores/as socioculturais.

O BNG de Brión pide solución aos problemas no abastecemento de augas

O BNG de Brión a través do seu portavoz municipal, Xosé Penas, presentou esta mañá unha proposta vía escrito ao goberno municipal solicitando actúe con todos os mecanismos legais ao fin de instar a compañía Espina e Delfin a solucionar dun xeito definitivo todos e cada ún dos problemas que se repiten de forma regular no abastecemento de augas en diversas zonas e aldeas do Concello. Dende o pasado 22 de decembro moitas vivendas de diversas zonas volven ter problemas na calidade da auga, sendo sempre a resposta por parte da compañía de que a

mesma é apta para o consumo xa que pasa os "seus" controis, outras veces a resposta e que posiblemente sexa cuestión de días, ou que se debe a algún produto "químico". O problema xa ven de fai tempo, de feito o BNG de Brión presentou varias veces preguntas nos plenos no referido a este tema, tendo sempre a mesma resposta: todo é normal.

E por iso polo que instamos ao concello a que cumpra a súa función de control, verificación e inspección sobre un tema tan importante para toda a veciñanza e que xa fai moito tempo agarda por unha solución a tan delicado tema.



Opinión

Por Baldomero Iglesias Dobarrio. Mero

Puidera ser un agasallo dos Magos?

Pobres de nós! Non podemos darnos pena! Pobres de nós! Onde nos trae esta condena! Pobres de nós, traídos aínda pola cadea! Estamos en mans de quen máis nos estafan. Estamos en mans de quen nos sacou a propiedade pública dos servizos básicos e necesarios. E con eles fan negocio, só negocio. Aí están en mans privadas as eléctricas, e ságrannos todos os días. Mesmo mentindo o prezo e aumentando beneficios. A luz é de quen a paga, anque os encoros e as augas, e as terras polas que os ríos pasan, sexan nosas, de todos! Deles son os muros, nosas son as pedras e algún día teremos que usalas para defendernos. Malia tanto sosego precisamos de ira para erguer en digna medida dos roubos que nos perpetran. Así pasa con case todo, coas farmacéuticas que explotan a nosa saúde en base ao mesmo negocio, á rendibilidade económica, unicamente é o egoísmo duns poucos que chega mesmo a crear deficiencias para despois minorizalas. Así pasa cos bancos, nós pagamos sempre! Aínda tamén os pufos e as fuxidas a paraísos fiscais, ou con pagos blindados. Nós pagamos sempre. Así dicía un

cego, e todos contaban non vía! Paradoxos da vida, que equivocados estamos. A mesma banca que nos fendeu en mil anacos, esa que houbo que rescatar a base dos nosos cartos, esa que os políticos decidiron salvar a custo da emigración de tantos, a custo das nosas privacións, a custo da nosa saúde e educación, a custo do “noso todo” que nos roubaron. E os políticos actuaron como se foran os cartos deles, déronlles crédito aos que non dan crédito, porque sempre que prestan, venden a altos prezos! Foron os mesmos políticos que resgardan aos empresarios corruptos, aos cómplices da súa mesma corruptela, aqueles mesmos que degradan a sublime dignidade do traballo, das condicións xustas do esforzo e do salario. Os mesmos que ameazan con despidos, con horas abusivas, con ridículas nóminas que humillan a calquera. Aqueles amigos destes políticos que decretan á forza, que compran vontades para sacar adiante os orzamentos e logo gobernar contra de nós. Así nos vai. Temos a enerxía máis cara, os prezos máis abusivos, as pensións máis baixas, as autopistas máis caras, o leite máis barato, os im-

postos máis elevados. A nosa sanidade foi boa, moi boa. Hoxe xa non é tan boa e está tamén moi privatizada, masificada e restrinxida. Fixeron hospitais de titularidade pública que xestionan empresas privadas. É todo unha ousada manipulación chea de acordos dixitais, boicots, extorsións, ocultacións, roubos, presións, mediadas por fiscais e xuíces nomeados a dedo –amigos e próximos–, tribunais paralelos, casos múltiples de corrupción. Podería dicirse que un caos. A que agardamos, logo? Que máis temos que saber para botalos! Falo de todos eles, os que gobernan e os que os deixan gobernar. Pois confío que desta vez e por todas, saibamos a diferenza entre o “B” e o “V” e os arredemos da posibilidade de seguir empeorando as cousas. Apousentaron e nada fixeron ben, compracidos, mirando como todo se perde. Outros deixáronse mercar dalgún xeito, calaron e non se rebelan contra tanta soidade e pobreza, contra a tristura que nos embarga, contra a ruindade manifesta dos que enriqueceron á nosa costa. É un dereito a reclamar, necesario, o dereito de poder loitar contra as leis inxustas, tan manifestamente inxustas ou de retorta aplicación. Debemos loitar contra a inhumana condición do sometemento sen que por iso se poida

condenar ou reprimir aos que loitan. Cómpre, por salubridade social e para que non se poida re-

petir o dano que nos fixeron, que nos están facendo. Debémonos rebelar contra as situacións de humillación que contemplan, por un lado, xente facendo colas nos contedores do lixo para buscar comida e, mentres, outros –nesa conciliación de traizóns– levando a sacas cheas e subindo os prezos dos servizos básicos, cobrando por xestionar os nosos escasos cartos mentres abusan e, por riba, logo, imos pagar os seus desfalcos. Son cómplices os políticos que todo isto consentiron, xunto con aqueles que apuran a sacar o 155 para paralizar vontades de tantos que están-estamos cansos da ignominia de saber que non se corresponden os feitos co que din, nin coas palabras divulgadas polos medios de presión social, que aceleran teimosa-mente a mentira. Sería un bo agasallo dos Magos porque, certamente, non resoven a situación. E o novo ano sería moito máis bo, tan só depurando responsabilidades!



Prefiren ser donos de si, ou isto non entra na nosa democracia?

Todos aceptaron estas eleccións forzadas. Aínda non sei moi ben porque. Todo o aparato do estado e das amplas redes de convicción, estiveron a dar o quíte, a facer que todo semelle normal dentro da enorme anormalidade. Foron unhas eleccións forzadas nas que ninguén buscou outras posibilidades, algunha na que imperase a razón, o entendemento. Quero dicir que non foron unhas eleccións abertas, que viñan de despois de depoñer un goberno enteiro e legalmente constituído, que non se escoitou ao primeiro protagonista. E o peor, convocounas quen non debiera, alguén que non ten prédica, que non o escoitan. Ese alguén que convoca aproveitou sibilinamente a situación para darse bombo xunto con outras forzas de semellante calado e teorías xordas. A eses foilles ben, quixeron aproveitar de novo “a forza da súa razón” para impoñer as súas solucións, que forzan rexeitamentos e a non integración, a fuxida de capitais, a fuxida de empresas, de boicots e redención de foros, de especulacións artísticas e culturais, de espolio, e van

ben traxeados. Todo iso sumado a un currículo cheo de mentiras, de transgresións, tramas, corrupción e todo canto xa sabemos. Pois, moi ben, agora pode pasar de todo. Pode suceder que estes volvan insistir no 155 como panacea da súa orde democrática, que exclúe, que non deixa expresar, que forza eleccións e lembra tempos ingratamente sabidos, estarán novamente errados. Sucedeu que gañaron os que non poden gobernar, nin deben, pois na súa efervescencia deixaron ver as intencións bastardas de tempos miserables e non precisamente democráticos. Os resultados non gustan a ninguén. Virán ríos de tinta, dos xenuflexionados de sempre, que son case todos. Silencio e unha certa decepción. Aquela represión aínda latente foi o verdadeiro fracaso, o de non saber unha solución que puxese freo á caída no abismo. Non hai comunicación. Só saben facer que interveña a xustiza en temas que non son de trato xudicial senón político, de acordos que fomenten o apego. E estes, mandan forzas de orde para calar o berro diante a desconsideración e o

descontento, a humillación dun pobo que non se deixa asoballar. De momento o que si está garantido, é o desapego. Non se trata de invadir a Generalitat e gobernar desde os ministerios españois, como algúns quixeran facer. Volvendo atrás, á involución contable. Trátase de ausentar provocacións, de saír desta interminable lista de catástrofes, de deixar as chulerías de certos mandatarios que, por un puñado de votos, son quen de venderse ao demo. Uns barallan o cumprimento da lei, coma dun dogma. Sabendo que esa lei que lles enche tanto a boca e que eles –na súa práctica– perverten, precisa de actualizacións e de modernidade, que é caduca, decadente e enfermiza. Non contempla casos que antes non se sabían ou non querían saber. Mentres, no outro lado máis débil, defenden a liberdade a decidir o seu futuro, condenados a vivir a intervención do estado, algo nada democrático por moito 155 que lles veña a pano. Non deixamos de evocar un goberno intelixente, que fale e que governe, pois este non parece ser o máis axeitado. Cómpre dialogar, mentres se pode, e saír desta situación con certa dignidade. Digo que non parece o máis axeitado porque para invitar á dignidade hai que tela e non parece, dado o número de corruptos que hai

“en plantilla” e dado o número de impedimentos que poñen para que se investigue a verdade, o número de casos abertos, a teima das forzas da orde para acalar a voz da xente cando pide pan e que morre de fame, ou daqueles que cada vez nos sentimos máis pobres, máis parados, máis en precario e que miramos como os ricos son máis ricos nun reparto desigual e mesmo inmoral, que rebaixou o beneficio social e os servizos públicos, evitando responsabilidades para poder favorecer á Banca. En realidade ganaron os desautorizados a gobernar por este goberno, os que meten os narices onde deben e atopan uns modos que lembran tempos de escuras pedras. Darase o caso que formen goberno persoas destituídas, aínda fuxidos ou no cárcere. Menudo eserpento está servido. E entón que? Volverán os tribunais paralelos, coa forza tomar o goberno desde os ministerios? Volverán boicotear produtos cataláns? Volverán animar ás empresas en buscar novo destino, volverán destituír cargos, expedientar funcionarios, vociferar mentiras? Algún día en Moncloa deberán facer autocrítica da nefasta xestión que, desde logo, baixo o meu humilde recanto, non é democrática. Fáltanlles ademais luces e primaveras, ventos de anovado osíxeno.

Redacción

Por Ramón Coira Luaces

Capitalismo e patriarcado

Según di Interviu, a CUP apoia ás prostitutas en Cataluña, o cal se é certo, parécese moi ben. Aínda que entendo a quen di que a prostitución humilla ás mulleres en xeral e, desde logo, non hai que alentala, máis ben todo o contrario. Porén coido lembrar que moitos soldados da II República ían a putas e que a República Española organizaba estes “servizos” ás súas tropas; ou que en Cuba tamén hai prostitución, pois a Revolución non acabou con ela. No entanto, penso que o capitalismo e a inxustiza social e internacional que este xenera, agrandan o problema e así vemos como no Estado español a prostitución e o seu consumo alcanza cifras alarmantes. Algúns cidadáns exemplares e con responsabilidades públicas son clientes habituais. Hai clientes que mallan e maltratan ás prostitutas; porén, afortunadamente, non todos son iguais e tamén os hai que denunciaron tramas de trata de persoas nos clubs de alterne. A violencia contra as prostitutas tamén é violencia de xénero e así debe ser tratada. Coido que me metín e me estou metendo nun xar-

dín, pero entre unha feminista da alta burguesía (que igual explota a súa empregada doméstica) e unha prostituta, coido que simpatizo máis coa segunda; pois esta non lle fai mal a ninguén, só a si mesma. A pornografía tamén é moi machista (debería feminizarse bastante



máis) e esta é a educación sexual que recibimos e reciben moitos mozos. Clasificar á muller e convertila nun obxecto de consumo non está ben; pero o máis hipócrita é que xeralmente é a vítima a que se sente culpábel e a que acarrea co estigma social. Os homes buscan sexo e tamén exercer dominio sobre a muller (o que pode ser un xogo inocente, perigoso ou un drama). En moita menor me-

dida pero os homes tamén se prostitúen con outros homes ou con mulleres. E iso non é culpa do patriarcado. E o peor é a estigmatización da parte máis débil neste tipo de relacións. Na sociedade, e non só nestes ambientes, lamentablemente, é moi frecuente pisotearse uns a outr@s como cabichas. Cando a un/unha lle afecta unha cousa intensamente ou está sometido a moita presión con frecuencia deixa de ser obxectivo e pasa a ser apaixonad@, visceral e pouco precis@. A min tenme pasado bastantes veces. Téñenme tamén criticado por antepoñer os animais aos seres humanos, pero é que os animais a min nunca me fixeron ningún mal e algúns seres humanos si. Ademais da cuestión conservacionista en si -que é moi importante- eu gosto dos animais, pero non son sensibleiro cos animais nin os antepoño á especie humana. Trátase de avanzar e de buscar un equilibrio máis xusto e armonioso, tanto nisto como en todo. Acabo de ver na prensa o vestido da Pedroche de fin de ano: a verdade é que é moi sensual e elegante, unha delicia visual. Porén tamén hai mulleres que saben seducir sen poñerse un vestido así e poden resultar incluso máis interesantes... Aínda que a presión do ambiente e das circunstancias sexa moi

importante, cada
persoa toma as
súas propias deci-
sións e apeituga
coas consecuen-
cias. O machismo
mata e o femi-
nismo non, por
iso trato de aportar o meu grao de
area. Se unha prostituta ten a autoes-
tima destrozada (e destrózzalla a socie-
dade) non vai saber defenderse, nin vai
ser capaz de deixar de exercer a prosti-
tución aínda que o desexe fervente-
mente. Lembro unha película baseada
en feitos reais sobre unha streper nor-
teamericana -de pais esquerdistas que
renegaban dela- que liderou unha pro-
testa de strepers coa que acabaron con-
seguindo certas melloras na súa
situación real. A dignidade é impor-
tante e hai que loitar por ela, na me-
dida das nosas posibilidades; pero non
esqueamos que só con dignidade e co-
herencia non sempre se consegue vivir.
Pásanos a moitos; pero non por iso dei-
xamos de ser persoas e parte da socie-
dade. As prostitutas tamén o son e os
poderes públicos deben escoitalas,
atendelas e axudalas. O peor que pode
pasar é que algunha coñeza e recoñeza
a certas autoridades.



Por Petrus de Gundisalvi

Coherencia, por favor

Haí algún tempo, a pouco de se instalar en TUI a SER (sucursal de Radio Vigo para o Baixo-miño), este escribidor, sensibilizado polos problemas que desmotivan o aprecio dos cidadáns desta Terra pola cultura propia, nomeadamente no que ó idioma natural do país atinxe, preguntoulle ó traballador da SER en Tui, Sr. J.L. Álvarez, se ían emitir algún programa na lingua propia (en galego, para os non iniciados). Respondeume que non. Que el, se lle fan en galego, fala en galego e se lle fan en castelán, fala en castelán. Nada que obxetar; el é un traballador que realizará o seu traballo aplicando a normativa que a política empresarial establece. Xa sería máis obxetable a política da empresa, que non establece uns programas, aunque fosen breves, confeccionados e

emitidos en galego, como poderían ser os intervalos de desconexión da centralidade madrileña. Cadenas da competencia menos proclives a este tipo de sensibilidades, emiten curtos espacios no idioma aquí. Alguén me retrucará que é unha empresa privada e, non lle faltarían argumentos convincentes: “O corazón non vai lonxe da carteira”.

O que parece menos razoable é que, unha morea de persoas do común que na súa vida cotiá viven en galego, así como algúns próceres da cultura e da política, mesmo licenciados universitarios que, asimesmo viven case en galego, cando se lles presenta outra persoa (aunque sexa galega) falando alleo e se, ademais, lle poñen un micrófono diante dos beizos, toda a súa sensibilidade pola nosa cultura (o idioma é o seu cerne), se é que a po-

súen, escórase pra banda do castelán.
¿Cal é a causalidade que provoca este fenómeno tan de...¿acomplexados??
¿Que persoas exercendo a política activa en partidos galeguistas saian pola radio cun idioma impostado non parece nadiña coherente e un chisco frustrante; por moito que, en Madrid, lle colgaran ó castelán o apelido de cooficial para aquén do Padornelo e para que nós sigamos dicindo que chove cando mexan por enriba de nós.

Moitos dos nosos antergos laboraron e sufriron por defender o que máis nos caracteriza como pobo fóra de Galicia, o noso idioma. Loitaron por axudar a superar o chamado: autoodio dalgúns galegos ¿desleigados? e o papanatismo que polo alleo padecen algúns.

Innúmeras xeracións de galegos que nos precederon (ata a de nosos pais), moi pobres en cartos, pero moi ricas en autoestima e non afectadas polo xerme do papanatismo, falárono a cotío

posibilitando que chegase a nós; e
nós... avergonzándonos de imitalos.
¡Non merecen a ingratidade que moitos
amosan!

Voltaire deixou escrito que o vicio humano que peor soportaba era o da ingratidade: “Se o diaño me fixera un favor, veneraría os seus cornos”. ¡Sexamos gratos ós nosos antergos!

Hoxe, no noso mundo tan “ficticiamente satisfeito”, escoitar a un meniño falar no noso idioma, ademais de resultar unha ledicia engaiolante, significa todo un... milagre.

A especie humana padece eivas non superadas a pesar dos séculos poboando esta “aldea”; entre outras, resalta a de que: cando carecemos dun ben, anhelámolo; cando o posuímos, ignorámolo; cando o perdemos, chorámolo.

Cando o idioma galego morra, Galicia morrerá con el e, entón, chorarana coma xa choramos polo canto do cuco. ¡Sentidiño e... cante o merliño!

Campaña “Coruña Viva + Natural + Saudable + Comprometida”

Abre a inscrición da VII maratón Coruña42, que se celebrará o 15 de abril

A concelleira de Medio Ambiente, María García, presentou a campaña Coruña Viva + Natural + Saudable + Comprometida, que busca informar á poboación dos beneficios da existencia e ampliación das zonas verdes e espazos de arborado urbano da cidade, tendo en conta que a previsión deste departamento municipal



A concelleira de Medio Ambiente, María García

pasa por que o ano 2018 remate con 1.500 novos exemplares arbóreos na cidade. En rolda de prensa, a edil recordou que o goberno local “se marcou o obxectivo de incrementar ao longo do ano que vén o arborado urbano nun 10%”. Coas plantacións xa en marcha, a cidade rematará o ano con 541 novos exemplares, número que se incrementará ate as 700 árbores de cara ao inicio de ano, para, de cara a final do exercicio vindeiro, dar por cumprido o obxectivo das 1.500 novas árbores.

Prévese para isto unha inversión de 800.000 euros. Segundo salientou García, “os novos exemplares que se están

plantando son adultos, xa grandes, cunha copa, na súa maioría de máis de 2 metros”. Estas árbores deben cumprir cunha serie de requisitos, como é o caso de que xa teñan pasado por procesos de transplantedo anteriores, para asegurar un bo sistema radicular, algo que contribuirá a súa perdurabilidade no espazo urbano.

A segunda fase de expansión, que se está a levar a cabo nestes momentos, contemplaba a plantación, entre outros, de 130 árbores en Novo Mesoio, 111 en Eirís, máis de 80 na zona dos Rosais, 30 en Oza e outros 30 tanto no Ventorrillo como en Cances, ademais de preto de 10 exemplares

novos na contorna de Pablo Picasso. Ademais disto, o plan contempla que antes de finalizar o ano tamén se aborde un proxecto de reposición de arborado en 61 rúas da cidade, con 200 exemplares.

O obxectivo é que contra A concelleira recordou datos como que a Organización Mundial da Saúde (OMS) recomenda 3 habitantes por árbore para unha cidade cunha boa calidade de aire, “sendo a ratio é moito maior na Coruña, onde falamos de unha árbore por cada 16 persoas segundo os datos de 2015”. “Coa plantación destas 1.500 novas árbores damos un paso importante para camiñar cara o noso obxectivo”, recordou.

A Concelleira de Culturas, Deporte e Coñecemento vén de abrir o prazo de inscrición para participar no VII Maratón Coruña42, proba na que as e os

atletas percorrerán, o vindeiro 15 de abril, un circuíto de 42.195 metros que transcorre polo centro urbano da cidade e que está homologado pola Real Federación Española de Atletismo, a RFEA. A carreira coincidirá, un ano máis, coa celebración do Campionato de Galicia Absoluto e de Veteranos Individual e de Clubs.

Na proba, coñecida como Maratón Atlántica, poderán participar todas aquelas persoas maiores de 20 anos, e estableceranse as seguintes categorías: Sub 23 (nadas en 1996, 1997 e 1998), Sénior (desde 1995) e até sete modalidades de veteranos, coñecidas como Máster, segundo o ano de nacemento --desde 35 até 65 anos cumpridos no día da proba en diante--, ademais da cate-

goría de atletas en cadeira de rodas, na que poderán participar persoas nadas no ano 1998 e anteriores

A inscrición para participar no Maratón Atlántica pode realizarse, a través da web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com. Estableceranse dous prazos de inscrición para as e os atletas populares. Até o 1 de abril, ou ata acadar as 1.500 persoas inscritas, o prezo será de 25 euros. A continuación abrirase un prazo, extraordinario, do 2 ao 8 de abril, no que as persoas que se inscriban deberán abonar de 40 euros con bonificacións do 50% para persoas desempregadas, posuidoras do Carné Xove ou maiores de 65 anos.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA) - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocío Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez.

PORTUGAL: Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – Manuel Gonçalves – João Martinho.

MADRID: Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo.

CANARIAS: Fco. Puñal.

NOVA IORQUE: Fco. Alvarez (Koki)

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Her-manager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex.

Depósito legal: VG-138-2015

A Federación de Piragüismo asina un convenio cos clubs lucenses

A Federación Galega de Piragüismo e os sete clubs desta modalidade deportiva da provincia, asinaron un convenio que suporá a contratación de sete técnicos, un por cada equipo. No acto interviñeron o presidente da Federación Galega, Alfredo Bea García, e representantes dos sete clubs lucenses: Club Deportivo San Ciprian; Cidade de Lugo; Club Fluvial; Club Kayak de Foz; Club Piragüismo Viveiro; Club Altruan de Ribadeo e Club Montaña Quixós de Monforte de Lemos.

A sinatura destes convenios enmárcase na iniciativa do Goberno provincial, a petición dos propios clubs da provincia, para o desenvolvemento do Programa de promoción provincial do piragüismo, para o



que o Executivo destina de 212.500 euros, divididos en tres anualidades: en 2017 destináronse 42.500 euros; en 2018 serán 85.000 euros, e en 2019 outros 85.000 euros.

O deputado Rivera Capón subliñou que “hoxe damos un paso máis no pulo do piragüismo na provincia de Lugo, e facémolo respondendo ás peticións dos

propios clubs, pois unha das súas demandas era a contratación de persoal para reforzar o servizo que prestan, engadindo novas tarefas como o seguimento dos resultados competitivos e académicos aos padeiros da provincia, a través de visitas aos clubs e concentracións, o que sen dúbida redundará no beneficio de todos”.

Adegas da Ribeira Sacra recibiron medallas de ouro e prata

Celebrouse no Parador de Monforte de Lemos a tradicional comida de Nadal á que asistiron numerosos adegueiros, representantes do pleno do Consello Regulador e representantes da administración local e autonómica. O presidente do consello regulador Ribeira Sacra destacou que “tras 25 anos a gran familia de Ribeira Sacra formada por adegueiros, persoal e representantes da administración, principalmente, séguese reunindo nunha mesa para compartir opinións e experiencias. O importante destes premios é que cada ano os viños de Ribeira Sacra teñen unha gran presenza cunha elevada participación e que implica que estean presentes nas guías de



Sara Inés Vega, alcaldesa de Castro Caldelas, entregando un dos premios.

máis prestixio internacional”

Neste acto entregáronse catro medallas de ouro e cinco de prata obtidas polos viños da Ribeira Sacra nunha edición de récord do concurso internacional “Mondial deas Vins Extrêmes 2017” organizado polo CERVIM, o concurso enolóxico máis importante a nivel mundial, reservado aos viños producidos

en rexións de montaña ou procedentes de cultivos heroicos.

Na edición de 2017, foron 28 as adegas acollidas á denominación Ribeira Sacra as que participaron no concurso achegando 48 mostras nas diferentes categorías dun total de 740 viños presentados de 306 empresas provenientes de 15 países.

A voceira de Agroma dimitu no Concello de Sober

A voceira de Agroma Sober, Paula Vázquez Verao, presentou a súa renuncia como concelleira na Corporación de Sober no Pleno ordinario de decembro.

Paula Vázquez foi concelleira durante os pasados dous mandatos na Corporación local e seguirá a ser membro do

Parlamento de Galicia por En Marea como diputada e na comisión de Sanidade, Política Social e Empleo e secretaria da Comisión de Control da CRTVG. Na Corporación municipal será substituída por Esteban José Sánchez López, natural de Canabal e número tres da lista de Agroma Sober ás eleccións do ano 2015.



A parlamentaria galega Paula Vázquez Verao.

Infraestruturas para Sober

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, vén de asinar co alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, o convenio de colaboración para a mellora do firme na travesía de Belán e na rúa do Colexio, cun investimento de case 80.000 euros. Estas dúas vías do centro urbano de Sober atópanse deterioradas e co firme en mal estado, polo que se proxectan as obras necesarias para rehabilitar a capa de rodadura. A

Travesía de Belán é unha vía que une dúas estradas provinciais, a que vai de Sober a Lama dos Campos e a que conecta Sober e Ferreira e permite desviar o tráfico do centro do núcleo urbano. A Rúa do Colexio ademais de ser unha das máis transitadas por emprazarse nela o centro médico, a residencia da 3ª idade, o colexio público, a gardería e o pavillón deportivo, une as estradas provinciais Sober – Doade e Sober – Vilachá.



Ethel Vázquez e Luís Fernández Guitián.

O Concello encarga medicións do gas radón

A presenza de gas radón en instalacións municipais levou ao goberno municipal a trasladar a funcionarios das localizacións que ocupaban, o mesmo que a algún grupo político, pero non ás traballadoras do servizo de limpeza, segundo denunciou a CIG. En lugares como a Cárcere da Coroa ou o Centro de Iniciativas Empresariais “as mulleres encargadas do servizo de limpeza continúan cambiándose de roupa ou limpando nos mesmos lugares onde vos aguacís foron desaloxados”, asegura a organización sindical. A CIG afirma que o Concello “só parece preocuparse polo persoal propio, sexan funcionario ou grupos municipais, mentres que non séguese o mesmo criterio co persoal de limpeza”. A organización sindical reclama “o mesmo trato e coidado” para todo o persoal, e subliña que “non hai niveis de protección preferentes”. En concreto esixe á empresa Onet Seralia e ao Concello que garantan a seguridade das traballadoras e tomen as medidas de protección debidas para elas.

OUnComún

Ourense en Común manifestou a súa solidariedade e apoio ás reivindicacións da CIG e do sindicato maioritario da Policía Local, que reclaman a ampliación das medidas preventivas sobre a exposición ao gas radón a todo o persoal municipal, e para que se informe sobre os seus efectos no comité de seguridade do Concello.

Hai meses que o grupo vén advertindo da “falta de dilixencia do PP fronte aos alarmantes datos extraídos das primeiras medicións” e acusa ao goberno de “mover ficha agora, cando as medicións propias de OUeC revelaron que as concentracións duplican o permitido pola OMS, con picos de ata sete veces superiores”. Martiño X. Vázquez, declaraba que ademais do traslado dos alguacís, “é necesario tomar medidas urgentes en outras dependencias”, en referencia á Cárcere da Coroa, onde as concentracións tamén son elevadas.

O voceiro do grupo aclara que o goberno non é culpable da presenza do gas, pero si responsabiliza ao PP dunha

“mala xestión” a sabendas da alta concentración en diferentes dependencias municipais e do impacto que supón nas persoas. “É un problema de saúde pública e especialmente de seguridade laboral”. Ourense en Común esixe ao PP a ser “transparente na xestión deste problema”, aseguran que “vixiaremos de perto as medidas correctoras” e aclaran que de non ser axeitadas, “animaremos a calquera traballadora a defender a súa saúde e os seus dereitos noutras vías, xudiciais se é necesario”.

Informe oficial

“Á vista do compromiso adquirido en sesión plenaria do sete de abril, e malia non ser obrigatorio ata febreiro de 2018, este Concello encargou un informe sobre as medicións de gas radón nas diferentes dependencias municipais”, anunciou o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez. Os resultados, que foron entregados o día 27 e comunicados na sesión de xunta de goberno local pola concelleira de Persoal e Recursos Humanos, Flora Moure.

“Conscientes da necesidade de protexer os traballadores



Consistorio de Ourense.

desta casa”, relataba a concelleira durante a rolda de prensa, encargáronse medicións no Cárcere da Coroa, na Casa do Concello, no Centro de Iniciativas Empresariais, no edificio da praza de San Martiño e no Fogar del Transeúnte. O gabinete de Prevención de Riscos contactou co Laboratorio de Análise de Radiacións dependente do Departamento de Física Aplicada da Facultade de Física da Universidade de Santiago de Compostela para unha primeira estimación.

Esta primeira medición despois de Semana Santa, e deu como resultado niveis por riba dos recomendables nalgúns edificios analizados. En consecuencia, solicitouse unha determinación, máis fiable, e

contáctase coa empresa Intera (participada pola Universidade) para establecer medidas de mitigación.

A empresa propón dúas solucións, que pasan por unha ventilación forzada mediante a instalación de condutos, arquetas de drenaxe e extractores, ou pola ventilación do edificio insuflando aire para renovar o existente, mesmo incorporando aire quente no inverno para manter a temperatura no edificio. Calquera solución debe aínda definirse e desenvolverse a través do correspondente estudo técnico. “Había un problema, tomáronse as medidas ao noso alcance para atallalo, e agora seguimos as directrices que nos marcan os expertos para solucionalo”, resumía Flora Moure.

O asociacionismo veciñal acusa ao alcalde de discriminación

C case un centenar de persoas das sesenta asociacións veciñais rexistradas en Ourense e englobadas nas dúas federacións que as aglutinan, acudiron á chamada matinal na Praza Maior desta cidade para protestar o comportamento discriminatorio co asociacionismo veciñal que entenden que leva a cabo o Goberno do PP do actual alcalde, Jesús Vázquez. Precisa-

mente contra o rexedor municipal en concreto e sen citar a ningún concelleiro do seu equipo, a portavoz do asociacionismo veciñal, Lorinda Fernández, dirixiu as súas críticas.

“Temos dereito a esas axudas, estamos legalmente constituídos”, reclamou a portavoz da mobilización, quen insistiu en responsabilizar do alcalde, Jesús Vázquez, dunha situación que entende que é cla-

ramente discriminatoria cara ás asociacións de veciños. “Nós estamos aí para facer ou traballo que eles non fan. Pero venenos como inimigos e están a dividir”, sinalou Lorinda Fernández en alusión a que as federacións Miño e Limiar teñen claro que ao actual Goberno municipal moléstalle e incomoda o asociacionismo veciñal. A concentración de protesta dis-



Manifestantes no Consistorio de Ourense.

correu polas canles previstas, sen incidente algún e co cadro de persoal reivindicativo xa anunciado, e concluíu co case

centenar de asistentes entrando no Consistorio para entregar ao alcalde o escrito coas súas reivindicacións.

Reuniuse en Celanova a Comisión Delegada do XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas

O presidente do Goberno galego, Alberto Núñez Feijóo, garantiu o reforzo do compromiso coa emigración coa aprobación, no primeiro trimestre do ano que vén, do Plan estratéxico da emigración ata 2020, cuxo principal obxectivo será “ademais de seguir protexendo a nosa lingua e a nosa cultura, a proxección exterior da Comunidade e fomentar o retorno a Galicia”.

No tocante ao este último punto, Feijóo subliñou que en 2018 a Xunta continuará desenvolvendo tres liñas de acción: con novas Bolsas Excelencia Mocidade Exterior, co fin de axudar a que os cen mellores expedientes académicos de galegos residentes no exterior poidan cursar un mestrado nunha universidade galega. E, en segundo lugar, incrementando as axudas ao retorno emprendedor, “para guialos na andaina de iniciar unha actividade en Galicia ou crear unha empresa”. Así mesmo, e co obxectivo de dar resposta, especialmente, á demanda procedente de Venezuela, cuxos habitantes están a atravesar unha situación que

empeora cada día, o titular da Xunta resaltou o incremento das axudas extraordinarias ao retorno que, en 2018, para Venezuela se incrementarán.

Clausura

Durante a clausura da Comisión Delegada do XI Pleno do Consello de Comunidades Galegas, Feijóo insistiu en que outra das prioridades do Goberno galego de cara á emigración será seguir traballando para mellorar a situación dos galegos residentes no exterior con necesidades máis urxentes. E, ao igual que no caso dos programas de retorno, tamén neste eido, os galegos que viven en Venezuela seguirán a ser o principal grupo destinatario das axudas. Deste xeito, á asistencia en forma de medicamentos sumaranse outras individuais e de emerxencia social que, en conxunto elevarán o investimento da Xunta para garantir o benestar dos galegos de Venezuela, tanto residentes no país suramericano como retornados. De feito, o 80% das axudas extraordinarias ao retorno, o 42% das axudas ao retorno emprendedor e o 25% das Bolsas Excelencia Mocidade

Exterior destináronse a galegos de Venezuela.

O presidente do Goberno galego concluíu destacando e agradecendo o labor das comunidades galegas no exterior, “sen as que non sería posible conservar a nosa identidade e a nosa cultura fóra do territorio galego”, aseverou, incidindo en que os máis de medio millón de galegos que residen no exterior serán unha prioridade para a Xunta, como reflicte o incremento dun 20% do orzamento da Secretaría Xeral da Emigración para o 2018, ata chegar ata os 11 millóns de euros.

Con este acto púxose fin a dúas xornadas nas cales os membros da Comisión Delegada do Consello de Comunidades Galegas tiveron oportunidade de coñecer tanto o balance da Secretaría de 2017, como as previsións para 2018. Unha vez que se expuxeron as liñas básicas, ábrese un prazo para que as distintas entidades de galegos residentes no exterior fagan as súas suxestións e achegas de cara a elaborar o documento definitivo do Plan estratéxico da emigración ata 2020.

A Xunta incrementou a axuda no fogar en Castro Caldelas



José Manuel Rey Varela e Sara Inés Vega Núñez.

O conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela, entrevistouse no seu despacho de San Caetano coa alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega Núñez, con quen abordou asuntos de índole social que afectan a esta localidade ourensá, entre outros a ampliación do Servizo de Axuda no Fogar (SAF). Neste sentido, o responsable da área social do Goberno galego lembrou que a Xunta de Galicia incrementou entre 2015 e 2017 as horas de SAF nun 24,6%, o que se traduce en 1260 horas anuais máis. Deste xeito, os veciños e veciñas da localidade, teñen á súa disposición un total de 6384 horas de servizo. Rey Varela destacou que o obxectivo é conseguir todas as melloras posibles na calidade de vida das familias e das persoas dependentes.

Ademais deste servizo, as persoas maiores contan cunha residencia no municipio de titularidade autonómica de 36 prazas e para a que a Xunta achega máis de 540.000 euros en 2017. No ámbito de atención aos máis pequenos e da conciliación, Castro Caldelas conta con unha escola infantil unitaria de cero a tres anos pertencente á rede Galiña Azul. Este recurso oferta 20 prazas e na actualidade hai 10 nenos e nenas matriculados polo que non hai lista de agarda.

Ambos mandatarios abordaron outras cuestións de interese para optimizar e dinamizar os recursos dos que dispoñen as administracións coa finalidade de acadar todas as melloras posibles na calidade de vida dos galegos e galegas e establecer unha política social que se adapte ás necesidades de cada concello.



Foto de clausura da Comisión Delegada do Pleno do Consello de Comunidades Galegas.

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA 986 61 43 61

Ourense en Común considera ésta a peor Alcaldía da historia de Ourense

Cando van case mil días do actual goberno do PP, con Jesús Vázquez como alcalde, o Concello de Ourense iniciou 2018 con orzamento prorrogado por cuarta vez, o de 2014 que foi o último que aprobou o anterior goberno municipal do socialista Agustín Fernández con Vázquez Barquero como concelleiro de Facenda. Así o lembra Ourense en Común, que asegura que a cidade ten en Jesús Vázquez "a peor Alcaldía da historia deste Concello".

Unha situación da que os de Martiño Vázquez responsabilizan tamén a Democracia Ourensá e ao grupo socialista de Vázquez Barquero. Cualifícaos de "irresponsables", acúsaos de "priorizar o seu propio beneficio" e pon como exemplo a modificación de gasto operado no persoal dos seus propios grupos "promovido por DO, consentido polo goberno e aproveitado polo PSOE", asegura Ourense en Común.

Decretos

Sen orzamentos actualizados, Ourense en Común asegura que o 40% dos fondos que manexa o Concello "están sendo desviados ao antollo do Partido Popular a golpe de decreto" do alcalde. En moitos casos con informes desfavorables de Intervención, engade, e coa finalidade de "salvar os números vermellos derivados da ineptitude deste equipo de goberno". Segundo a marea ourensá, "Ourense vive unha progresiva ruína", á vez que lembra que o equipo de Jesús Vázquez foi incapaz de aprobar uns orzamentos desde a súa chegada ao goberno en xuño de 2015.



Jesús Vázquez, alcalde de Ourense.

Os orzamentos de 2014 foron aprobados en xunta de goberno (entón era posible se fracasaban en Pleno, o que ocorreu) o 15 de novembro de 2014. O 19 de xuño, o PP, entón oposición, arremetía contra os orzamentos aos que cualificaba de ser os da "insubmisión". O seu portavoz, Rosendo Fernández, cuestionábaos de partir dun déficit orzamentario recoñecido, non acatar a Lei de Estabilidade Orzamentaria, pasar o teito de gasto a propósito e, dicía, porque se rebelaban contra o canon de Sogama, que nin aplicaban nin recoñecía, ademais de que "falsean" o capítulo de investimentos, dicía Rosendo Fernández. Difícilmente entón podía augurárselles tanto percorrido como o que logo lle facilitou o propio PP.

O PSOE critica os salarios dos concelleiros do BNG en Castrelo de Miño

O grupo socialista de Castrelo de Miño preguntase a qué destinará o seu plan provincial o Concello ao cuestionar o baile de criterios e finalidades que manexa o goberno municipal do BNG de Xurxo Rodríguez Méndez. Os socialistas lembran que o goberno dixo que destinaría a partida a investimentos sociais, o que sería a confirmación dunha mala xestión levada a cabo polo goberno de Rodríguez Méndez. O Concello renunciou aos investimentos da Deputación de Ourense para destinalos a gasto corrente.

Para o grupo socialista a situación é froito dunha mala situación económica e unha xestión que "choca coa actitude do alcalde e dous membros da Corporación, que cobran unhas salarios desorbitados, vos máis elevados por veciño da provincia". Os socialistas inciden en "salarios desorbitados" dos concelleiros do BNG no Concello de Castrelo de Miño, que supoñen unha media de 50 euros por veciño e ano para pagar salarios ao alcalde e catro concelleiros.

Para gobernar un concello cun censo de 1.490 habitantes, o Concello de Castrelo de Miño paga 75.000 euros ao ano en



Xurxo Rodríguez Méndez, alcalde de Castrelo de Miño.

salarios. O alcalde percibe 40.000 euros anuais en 14 pagas (2.857 euros/mes), aos que hai que sumar os 20.000 euros anuais do concelleiro de Deportes e Cultura. Pero ademais outros tres dispoñen dun salario de 5.000 euros ao ano por unha hora ao día de traballo cada un, 5 á semana.

En Castrelo de Miño cobran do Concello tantos concelleiros como no Barco de Valdeorras ou Barbadás para gobernar unha poboación de 13.761 habitantes o primeiro e de 10.638 o segundo. O do Carballiño, con 13.913 habitantes, paga a menos concelleiros que Castrelo de Miño, 3, que lle custan menos diñeiro en nóminas, 71.281 euros ao ano fronte os 75.000 de Castrelo de Miño.

Investimentos da Xunta nos Peares

A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, acaba de asinar co presidente do consorcio local dos Peares, Manuel Seoane Rodríguez, o convenio de colaboración para a mellora dos accesos á estación de ferrocarril e a ampliación na marxe dereita do río Miño nesta localidade, cun investimento autonómico duns 300.000 euros. A Xunta, a través da Axencia Galega de In-

fraestruturas, asume o compromiso de financiar a actuación, coa achega da totalidade do investimento preciso para executar o proxecto. O Consorcio dos Peares elaborará o documento técnico necesario para as obras e será o encargado da súa execución.

Os traballos centraranse na pavimentación do acceso á estación de ferrocarril, rehabilitando o firme da estrada que une o centro de saúde dos

Peares coa terminal, así como dos camiños que se atopan na súa contorna. Nesa contorna actuarase tamén para mellorar a seguridade, substituíndo o actual muro de cachotaría de contención por un muro de formigón armado con varanda de aceiro para protección. Na marxe dereita do Miño, prevese ampliar o paseo existente e o muro de cachotaría sobre o que se asenta a plataforma do camiño e a instalación de ilu-

minación da zona con lámpadas led. Ademais repararanse as luminarias que na actualidade se atopan en estado deficiente, tanto na marxe dereita do río Miño coma na esquerda do río Búbal. Esta actuación completa a xa realizada en 2016 pola Xunta de Galicia no mesmo enclave, onde se construíu unha nova ponte sobre o río Miño para



Sinatura do convenio de actuación.

mellorar a comunicación dos núcleos urbanos da marxe dereita coa estrada N-120 e a estación do ferrocarril.

O Plan Especial de actuación en situación de alerta sai a consulta pública

Francisco Marín Muñoz, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), organismo autónomo dependente do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA), reuniu á Xunta de Goberno e ao Consello da auga da Demarcación do Miño-Sil para analizar e valorar con ambos os órganos colexiados a situación hidrolóxica da conca que, na actualidade, atópase en alerta por seca.

A Xunta de Goberno como máximo órgano de goberno colexiado da Demarcación Miño-Sil, está composta por vogais das tres Administracións: Central, Autonómica (Galicia, Castela e León e Asturias) e Local, así como polos usuarios da

auga. Mentres que, o Consello da auga da Demarcación (CAD), presidido polo presidente do Organismo de conca, conta cunha Vicepresidencia primeira elixida polos vogais que representen ás Comunidades Autónomas e una Vicepresidencia segunda elixida por e entre os vocais representantes dos usuarios. O CAD constitúe o máximo órgano de colexiado de participación e planificación.

En ambos os encontros informouse do contido do novo Plan Especial de actuación en situacións de alerta e eventual seca que saíu a consulta pública durante o mes de decembro e que incorpora melloras, con respecto ao Plan Especial do 2007, que permitirán a anticipación e mellor xestión ante fenómenos extremos.

Este novo Plan potenciará o vixente sistema de indicadores e permitirá diferenciar con claridade as situacións propias de secas hidrolóxicas das de escaseza. Tamén se mellorarán as medidas para adoptar para loitar contra a seca grazas á experiencia adquirida nestes dez anos desde a súa entrada en vigor.

Plan de emerxencia

Francisco Marín lembrou a obrigación dos concellos de máis de 20.000 habitantes de dispoñer dun plan de emerxencia ante situacións de seca, como establece o Plan Hidrolóxico Nacional que deberá estar en consonancia co plan de seca da demarcación. Por outra banda, analizouse o informe de satisfacción de demandas ante esta situación de Alerta



Reunión en Ourense da Xunta de Goberno e do Consello da auga.

por seca na que nos atopamos. Como último punto da orde do día, o presidente da CHMS informou da rolda de contactos, iniciados polo MAPAMA o pasado mes de xullo, que a CHMS realizou durante o mes de outubro na demarcación, co obxectivo de involucrar no Pacto Nacional pola auga a todos os axentes implicados na xestión ou o uso da auga, para dar resposta aos principais retos, coa máxima participación, diá-

logo e consenso.

Este Pacto Nacional pola auga recollerá as propostas técnicas para facer un uso máis eficaz, solidario e integrado dos recursos existentes, tomando como punto de referencia os temas identificados nos plans hidrolóxicos do segundo ciclo, para a preparación dos plans hidrolóxicos do terceiro ciclo, de acordo co calendario establecido na Directiva Marco da auga.

Xuntos polo Nadal no Carballiño

José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, estivo cos participantes no programa Xuntos polo Nadal, que desde o 23 de decembro ata o 7 de xaneiro disfrutaban na Residencia de Tempo Libre do Carballiño, en Ourense.

Rey Varela sinalou que a finalidade de Xuntos polo Nadal "é que os maiores pasen acompañados unhas datas tan sinaladas como estas, reforzando ou tecendo novas amizades e ocupando o seu tempo libre facendo distintas actividades, como talleres de manualidades, saídas ou cenas especiais amenizadas con música en directo, entre outras". Ademais, destacou que a prin-



O conselleiro e o alcalde cos participantes no programa.

cipal novidade que presenta o programa este ano é a ampliación da estancia nas residencias ata despois da festividade dos Reis Magos, ata o 7 de xaneiro, cando en edicións anteriores remataba o día 2.

O centro do Carballiño

(Ourense) acolle a 120 maiores que teñen o seu domicilio nas provincias de Pontevedra e Lugo; mentres que na residencia de Panxón (Pontevedra) participan outras 120 persoas con domicilio nas provincias de A Coruña e Ourense.

O Pereiro fará obras en varios núcleos

Axunta de Goberno local do Concello do Pereiro de Aguiar aprobou tres proxectos técnicos de obras do municipio por valor de máis de 284.000 euros. Entre o acondicionamento atópase a ampliación da iluminación pública na Derrasa, Cortiñas, Boeiros e Cachamuíña, que conta cun orzamento de execución por contrata e 114.77 euros. Tamén se atopa o acondicionamento da

travesía en Cortiñas, cun orzamento de execución por contrata de setenta mil euros. Tamén se aprobou a obra de mellora na travesía de Boeiros, neste caso cun orzamento de execución de cen mil euros. Os proxectos estarán definitivamente aprobados a inicios de xaneiro, unha vez remate o prazo de exposición pública e se non hai ningún tipo de alegacións.



Na Derrasa ampliarase a iluminación pública.

Entrevista

Por Moncho Marinho

Ramón Reimunde escritor e presidente de PROMAGAL

“A mala prensa do eucalipto viría por non favorecer a biodiversidade”

Ramón Reimunde é o presidente de PROMAGAL, Produtores de Madeira de Galicia. Unha asociación que tenta unir a pequenos e medianos produtores forestais para defenderen os seus intereses fronte ao que consideran unha política de prezos arbitraria por parte da industria pasteira. Por outra parte, para PROMAGAL a mellor defensa contra os incendios é unha xestión do monte que implique tanto a propietarios e propietarias, como á mesma industria do papel e ás autoridades. Isto necesitaría dunha nova visión e actitude fronte o actual sistema produtivo madeireiro, como subvencións para a limpeza do monte, creación de corta lumes e investimentos en infraestruturas que valoricen e revaloricen a silvicultura.

-A explotación do eucalipto é polémica desde que se plantaron as primeiras áreas para consumo das papeleiras. As voces que están en contra desta árbore levan décadas pedindo a erradicación total desta planta. Acúsana mesmo de favorecer só aos intereses neoliberais que buscan eliminar outros cultivos a favor do eucalipto.

O neoliberalismo inclúe empresas cunha maneira de actuar determinada, e isto provoca que quen protesta vaia directamente á fonte, á materia prima. Eu diríalles a quen está en contra da plantación de eucalipto que sexan prudentes, da mesma maneira que en Jaén non se pode dicir oliveira non. Isto é moi complexo.

-PROMAGAL é unha asociación de pequenos e medianos produtores e produtoras que inclúe toda a costa norte de Galicia. Cales foron as ideas detrás desta asociación?

Promagal nace entre o 2005 e 2006 nun momento no que o prezo da madeira era baixo e cos propietarios desunidos e desinformados. A idea que se espuxo foi crear asociacións locais en cada concello, con produtores concienciados para, por exemplo, facer unha venda de madeira en común, conseguir dereitos e melloras ou xuntarse para plantar e facer traballos en común. Nun ano estas asociacións espalláronse moi axiña, desde Ribadeo a Ferrol con trinta asociacións. Ata o ano

2010 mantivéronse unidas mediante o uso dos estatutos, pagamento de 5€ por socio e todo iso para manter a actividade de PROMAGAL. Logo foron cada unha polo seu lado, con diverso resultado. Hai algunhas con setecentos ou con mil socios. Pero o normal é ter cento e pico. Logo houbo outras que se disgregaron dependendo dos directivos que tiñan. Algúns deles o que querían era quedar como persoas con influencia na súa zona. O que buscamos agora é darlle volta á cousa e poñelas a funcionar. A idea era que se fixese un couto redondo, cun grupo de propietarios vendendo ao mesmo tempo e coa mesma empresa. Os prezos que tiveron desta maneira non os terían doutra.

-E toda esa mala fama do eucalipto como árbore pirófito? Como elemento que deixa residuo altamente inflamábel no chan e como planta que consume unha grande cantidade de auga?

Na natureza non hai árbores boas e malas. Todas son boas en xeral. O eucalipto veu de fóra e porque tiña mercado, tiña prezo e unhas grandes medidas, hai concellos con 350 toneladas por hectárea cada quince ou vinte anos. A iso sacábaselle unha rendibilidade que a día de hoxe pode ser 9000€ por hectárea cada dezaioito anos, por exemplo. Produciuse entón un efecto imitación entre quen plantou. Por outra parte, penso que moitas voces con-

trarias ao eucalipto sono polo efecto de crear riqueza. Por tanto, nunha zona que é un eucaliptal como a que vai de Ribadeo a Ferrol, a paisaxe é uniforme. Non é unha paisaxe tan bonita e biodiversa como unha fraga, pero debaixo do eucalipto medran carballos, castiñeiros, toxo, felgos ou esvedro. Os eucaliptais tratados adecuadamente son montes como outro calquera. Pero a maioría dos casos son montes que desde a súa plantación ata a corta, non se lles toca. A mala prensa viría polo feito de ser un monocultivo contrario á biodiversidade.

-Pero estase a plantar en moitos lugares onde había outras especies, mesmo sen reparar na súa repercusión.

Hai que ter en conta onde se planta, é certo. As mesmas doenzas do eucalipto como o goníptero, come as follas e a árbore non respira. Por que esa planta foi colocada nun lugar onde non lle corresponde. Por iso agora están a substituír o eucalipto globulus polo eucalipto nitens. As pragas indican onde é acaído plantar ou non. Por outra parte, habería que delimitar os lugares onde plantar. Non se podería plantar ao pé das casas, dos ríos, das fontes, das vías de comunicación ou estruturas. Outra cousa serían os lugares nos que nunca houbo nada, como montes altos, onde si podería desenvolverse eucalipto.

-Entón a limpeza dos montes



sería falta de iniciativa empresarial, abandono ou desleixo de funcións por parte das diferentes administracións?

Custa diñeiro, uns traballadores poden custarche setenta euros hora. Iso podía solucionarse con algunha caste de incentivo para limpeza do monte. Nalgúns lugares hai empresas con maquinaria e xente, pero debería haber algún incentivo que permitise limpar as pistas, cargadeiros e faixas de seguridade. Os lumes de Portugal e das Rías Baixas chegarán ata o norte e todo por falta de limpeza e coidado do monte. Por outra parte, non todo é beneficio co eucalipto. Porque plantar unha hectárea xa custa 2000€ entre todas as operacións, aos catro anos hai que limpar que son 1000€, e todo iso réstase do beneficio final. A xente é reacia a gastar. Tamén se poderían plantar outras especies, pero non teñen mercado. A xente ve o que lle dá diñeiro e aí está a principal explicación. **-A canto se paga o eucalipto e como se paga? Porque polo que sei, ata o de agora había unha soa empresa marcando**

os prezos. Isto é así ou xa non?

Segue sendo. Hai unha empresa emisora de tarifas de prezos. Esa empresa é Ence. Esas tarifas cambian todo o ano. Os prezos para as asociacións eran de algo máis de 30€ por tonelada de eucalipto sen pelar, pero se vai sen codia o prezo é de seis euros máis. O prezo da tonelada de pasta de papel aumentou durante o 2017 algo máis de 300 dólares, co que temos un prezo por tonelada de máis de novecentos dólares, en euros anda sobre os 820. A materia prima non subiu case nada de prezo pero a pasta de papel si que o fixo. Entón, os madeireiros que se rexen polos prezos de Ence, as outras empresas en España déixanse levar por eses mesmos prezos. Podes chamarlle monopolístico, pero hai unha empresa que pon tarifas fixas, se queres vendes e se non, pois non.

-Hai alternativas?

As asociacións que son de Ortegal e Ferrol mandan polo porto de Ferrol e poden enviar a Portugal por tren ou barco. A Mariña luguesa non pode enviar a Ferrol por tren nin exportar

Alcaldes piden unha xuntanza coa Xunta para evitar os despidos en Maderas Iglesias

Os alcaldes de Salceda, Marcos Besada, Pontearreas, Xosé Represas, Mondariz, Xoán Carlos Montes, As Neves, Xosé Manuel Rodríguez, a alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, e o tenente de alcalde de Mos, Camilo Augusto Martínez, mantiveron este luns unha xuntanza, no Concello do Porriño, con representantes do Comité de Empresa de Maderas Iglesias, e dos sindicatos CIG, CCOO e UXT, que

trasladaron aos rexedores que a empresa comunicoulles a apertura dun expediente de extinción de 140 contratos-ou de todos eles, preto de 300- o vindeiro día 12 de xaneiro.

Ante esta situación, os alcaldes e alcaldesa veñen de solicitar un encontro ao máis alto nivel, con representantes da Xunta de Galicia, acompañados polos membros do Comité de Persoal, de cara a evitar a eliminación destes empregos-



ou da totalidade deles-e o peche dunha empresa que consideran parte dun sector estratéxico para a economía galega como é o da madeira.

Os alcaldes e a alcaldesa, coñecedores do interese da Xunta en evitar a eliminación

destes empregos, considerando que a empresa recibiu no seu día fondos públicos por medio do IGAPE e lembrando que todos os grupos do Parlamento de Galicia aprobaron unha iniciativa apoiando tomar a iniciativa para facer viable Maderas

Iglesias, piden ao Goberno de Galicia que nesta situación de extrema gravidade para a continuidade desta firma, fagan efectivos os termos desta iniciativa e preste as garantías posibles e necesarias para manter os empregos.

...ven da páxina anterior

por barco, só lle queda enviar a Ence-Navia ou País Vasco e mesmo algunha a Zaragoza, facendo trasbordo por tren. Podía regularse a corta, pero como cortan nun sitio e logo noutro, van conseguindo un fluxo de madeira importante. No porto de Burela, o exportador portugués Estima Reis, envía sobre todo para o País Vasco algún barco con eucalipto. Por tren temos que en dirección a Euskadi van quince vagóns con sesenta toneladas de madeira cada un, percorrendo máis de 500 quilómetros, pero cada o porto de Ferrol que son menos de 200 quilómetros non hai tren.

-E cales son os intereses creados para que isto sexa así?

Mira, pola Ponte dos Santos en Ribadeo, pasan cada día máis de douscentos camiións con madeira galega en dirección a Navia. A cuestión é que mandar esa madeira por camiión custa 10€ por tonelada. Se a queren

mandar a Ferrol ou a Pontevedra, pois o prezo do transporte sube a 24€ por tonelada. Eles, Ence, xogan con iso, coa suba no transporte. Por tanto temos miles de produtores e un só comprador. Ence con PROMAGAL tivo ata o ano 2012 un acordo polo que lle temos enviado unha grande cantidade de madeira, pero agora negocia puntualmente con cada asociación local e ao mesmo prezo. Que problema habería en comprar a todas pola mesma cantidade? O caso é que cada concello do norte de Galicia ten un stock moi alto de madeira madura lista para vender. Ence en Navia tamén usa intermediarios, madeiristas, que reciben sesenta euros por tonelada, prezo fixo, e eles mercan por 30 euros tonelada e transporta por 15 euros, por exemplo. Por iso hai uns intereses creados. Por tanto, hai un número moi alto de vendedores de madeira barata, uns intermediarios que

sacan unha marxe de beneficio e unha empresa que está poñendo as botas. Se compro por 200 euros madeira, podo sacar 970 euros por tonelada de pasta de papel. A quen menos lle queda é a produtor.

-Que pasos están dando desde PROMAGAL para frear ese monopolio de Ence?

Estamos negociando con outras empresas para termos tres ou catro sitios a onde enviar a madeira e ter unha concorrencia, para que a quen interese máis pague mellor. Ence pola súa banda, tenta neutralizar estas negociacións mediante contraofertas. Haber hai alternativas para a exportación a través de portos como Ribadeo, Cariño, Burela ou Ferrol que a día de hoxe non son viables. O motivo é a dificultade para formar cooperativas fortes entre produtores por exemplo, para que deixe de haber intermediarios que saquen un terzo de beneficio

na operación.

-Este ano pediron explicacións sobre a paralización nas exportacións de madeira ao exterior. Que lles dixeron?

Déronnos desculpas, que non lles sae rendíbel, que é mellor por tren e por tren lévano desde Ferrol, A Susana en Compostela ou desde o Ceao en Lugo. Esa desculpa non serve, porque o flete por barco desde calquera porto, sería de once euros por tonelada. Pedímoslle a diferentes organismos de competencia, mesmo da Unión Europea, que investigasen por que non se exporta a Portugal desde o ano 2014. Polo de agora non houbo resposta. Desde Ortegal expórtase algo a Portugal e A Mariña vende moito a Euskadi por tren desde Xove á empresa Zikuñaga e o resto para Ence en Navia. Esta última empresa ten reservas moi limitadas de madeira, porque non dan abasto para satis-

facen a demanda. O que fan é estirar ata onde poden para non subir os prezos. O malo de Navia é que cotiza en Asturias. A pasta é enviada logo ao porto de Ribadeo.

-Hai outros lugares en Europa que lle podan facer competencia a Galicia na produción de madeira?

Aquí prodúcese trece millóns de metros cúbicos de madeira dos que se cortan oito millóns e catro quendan sen cortar. En piñeiro non podemos competir con Aquitania, países nórdicos ou Rusia. En frondosas non podemos competir co carballo francés, por exemplo. O noso é máis caro e ten peor calidade. Só somos competitivos no eucalipto, sobre todo no eucalipto branco ou glóbulus. Non só se pode competir con eucalipto para pasta, senón tamén madeira de eucalipto para estruturas e contralaminada e madeira técnica.

Xornal galaico-portugués busca xornalista e comercial para ALTO MINHO

Condições excelentes. Precísase curriculum e experiencia

Dirixirse a: redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Galicia

Redacción

Nova cita con Xantar en Expourense

Xantar ofrece unha experiencia para viaxar polo mundo a través dos sentidos o que a converteu en referente para os destinos enogastronómicos máis punteiros de España e Portugal ao que se foron sumando outros países de Iberoamérica. Defende a calidade da Gastronomía e o Turismo Sustentable e Saudable fusionando tradición e innovación propia dos territorios representados a través de exhibicións, catas temáticas, cociña en directo e moitas

máis iniciativas que suceden durante cinco días de intensa actividade.

Showcookings de cociña en directo cos mellores chefs, catas comentadas, maridaxes, degustacións, conferencias de expertos, presentacións de produtos innovador. Para dar cabida a este amplo programa de actividades, Xantar contará con tres aulas gastronómicas, unha de Cata, un Túnel do Viño e outro do Queixo.

Tras os seus 19 anos de historia, Xantar converteuse



O alcalde do Barco de Valdeorras cortando o botelo que preparou Carlos Parra na edición de 2017.

nunha motivación turística desenvolvendo accións que dinamizan o turismo interno e de proximidade reforzando así un dos obxectivos principais desta cita: promocionar o tu-

rismo a través da gastronomía baseada en produtos autóctonos de calidade. Esta cita é un perfecto exemplo de cooperación público-privada na que os expositores teñen a

oportunidade de establecer contactos con novos clientes o que leva un aumento de visibilidade da súa empresa, incrementado así a oportunidade de negocio.



19º Salón Internacional de Turismo Gastronómico



**Ourense,
31.01 - 04.02
2018**

O centro de negocios internacional para os profesionais do turismo e a enogastronomía

SHOWCOOKINGS



CATAS



CONCURSOS



TÚNEL DO VIÑO



MENÚS



Máis información en www.xantar.org

Organiza:



Co apolo de:



Expourense organizará este ano trece feiras, tres internacionais

A organización por parte de Expourense de dúas Feiras de Antigüidades será unha novidade no calendario feiral da Fundación para este ano 2018. Estas citas celebraranse no mes de maio e no de novembro e contan co apoio dos empresarios do sector en Ourense tal e como o ratifica o convenio asinado entre Expourense e os anticuarios José Antonio Ferreiro Ferrares e Gerardo Manuel Román Iglesias. Estas dúas citas estarán organizadas directamente por Expourense coa creación do correspondente comité. Nesta feira aplicarase o modelo de cooperación co tecido empresarial ourensán que ten dado moi bos resultados en citas como, por exemplo, os salóns do automóbil (coorganizados en colaboración con

A.C.A.U.T.O.) As dúas feiras de antigüidades son as novas citas dun calendario que inclúe a celebración de trece feiras, tres delas internacionais (Xantar e Funergal, ademais de Termatalia que se celebra en Brasil), que unha vez máis foron incluídas no calendario de feiras internacionais publicadas no B.O.E. o 29 de decembro de 2017.

Calendario feiral

XANTAR, 19º Salón Internacional de Turismo Gastronómico – 31 de xaneiro a 4 de febreiro.

PREISEL, 13º Salón da Prevención e Seguridade Laboral – 11 e 12 de abril.

GALISENIOR, 11º Salón Internacional das Persoas Maiores – 9 e 10 de maio.

TERMATALIA BRASIL, 18ª Feira Internacional do Turismo Termal – 19 a 21 de setembro



Ferreiro Ferrares e Román Iglesias con Rubén Carballo, no centro.

en Foz do Iguaçu, Brasil.

CELEBRA, 19º Salón de Vodas, Comuñóns, Bautizos e Actos Sociais – 13 e 14 de outubro.

BEBEGA, 2º Salón do Bebé de Galicia 13 e 14 de outubro.

10º SALÓN DO AUTOMÓBIL - VEHÍCULO NOVO – 19 ó 21 de outubro.

10º SALÓN DO AUTOMÓBIL - VEHÍCULO DE OCASIÓN – 26 ó 28 de outubro.

FUNERGAL, 10ª Feira Internacional de Produtos e Servizos Funerarios – 9 e 10 de novembro.

SPORTUR GALICIA, 2ª Feira do Deporte e Turismo Activo

– 16 a 18 de novembro.

MEGAXOVE, 19ª Salón da Xuventude – 5 e 6 de decembro.

Este calendario compatibilizarase coas distintas probas e campionatos deportivos que se disputarán na pista de atletismo cuberta instalada no recinto feiral.



O Concello de Parada de Sil
volve estar presente
en Xantar



Ribeira Sacra
CONSORCIO DE TURISMO



Maceda repite con restaurante en Xantar, o mellor valorado polo público en 2017

O Concello de Maceda repetirá a súa participación en Xantar logo do éxito obtido na última edición na que participou por primeira vez cun restaurante. Maceda volve apostar por esta cita para promocionar a súa oferta gastronómica e turística. O menú presentado por este concello conseguiu acadar o “Premio ao mellor restaurante en Xantar 2017”, sendo o máis valorado polo público.

Maceda ofrecerá un menú baseado en produtos autóctonos e de calidade como o cabrito da Serra de San Mamede, o xamón de castañas e o xabaril, maridado con viños da Ribeira Sacra. O encargado de elaborar este menú será de novo o recoñecido coñeiro Carlos Parra, quen na actualidade ocupa o cargo de director xerente do Hotel Monumento Castelo Medieval de Maceda, un dos principais

atractivos históricos do concello, que data do século XII.

A participación de Maceda en Xantar 2018 foi presentada nun acto celebrado no castelo no que estiveron presentes o alcalde Rubén Quintas Rodríguez, o restaurador Carlos Parra, e a directora adxunta de Expourense, Emma González.

Ademais do restaurante, Maceda terá un día adicado, o domingo 4 de febreiro. Contará cun stand dende o que promocionarse como destino turístico completo e próximo. “Trátase dun espazo aberto aos comerciantes da vila aos que animamos a que nos acompañen”, explicou o alcalde. Non faltará tampouco o seu entroido, declarado Festa de Interese Galego, e a súa personaxe única, o Felo, que ocuparán un lugar destacado no programa de actividades do salón. Tamén promocionarán a súa Festa Medieval,



Carlos Parra, Rubén Quintas e Emma González.

que se celebra durante a segunda carne de leitón é unha das protagonistas. fin de semana de agosto, e na que a



Maceda participa en Xantar 2018





La Fortaleza de tu Descanso...

• •
• •
• •

Hotel Monumento Castelo de Maceda

Maceda (Ourense) - Teléfono: +34 988 463 634
www.castelodemaceda.com

Hotel - Restaurante - Cafetería - Sala de Conferencias y Reuniones...

Sober ofrece a feira da rosca e a do viño de Amandi

Como entrante ou como postre (sempre acompañada de queixo), para o almorzo, ou como simple larpeirada para os cativos as rosas de Sober (Lugo) sempre están ben. Nin o cambio nos hábitos culinarios, nin a introducción de novos alimentos conseguirán desbancar a popular rosca que, dende 1995, ten mesmo a súa propia feira o día 12 de agosto. Este día ofrécese a degustación gratuita de racións de rosca, con queixo do país, a tódolos visitantes.

A feira do viño de Sober celébrase o sábado e domingo de Ramos. A primeira feira foi o día 12 de abril do ano 1980. Foi declarada de Interese Turístico no ano 2000. Os viños "Amandi" colleitáanse no sureste do municipio de Sober, na ribeira do río Sil. A súa orientación, unida ó microclima mediterráneo desta zona e o cultivo en bancais, así como a utilización de variedades de alta calidade fixérono merecedor de numerosas medallas a nivel internacional; ademais de aparecer recomendado nas mellores



A feira da rosca celébrase na Praza do Concello.



Sober celebrou a XXXVII Feira do Viño de Amandi en 2017

guías gastronómicas. Desde setembro de 1996 teñen denominación de orixe, e son unha das cinco subzonas da Ribeira Sacra.

Entroido e Cadeiras

O entroido celébrase en todas as parroquias de Sober, destacando as comadres e compadres das parroquias de Anllo Santo Estevo, Anllo San Martiño e Sober. Bonecas e bonecos de palla que representan a diversos veciños, así coma tradicións populares da zona. Respeto á gastronomía é propio da zona o enchido, tripón ou vexiga, una sobremesa feita de pan, leite, azúcar e ovos.

Na parroquia de Pinol, a medio kilómetro da igrexa de

San Vicente, nun excepcional paraxe natural, lindante co Cañón do Sil está o santuario da Virxe de Cadeiras. Foi construído no século XVIII, quedando a obra inacabada. O edificio dunha soa nave, é de pedra granítica e sillería ben labrada. Máis que polo interese arquitectónico, destaca por ser un lugar de peregrinación, debido os milagres ca tradición atribue a Virxe de Cadeiras. Neste lugar celébrase, dende o século pasado, os días 7, 8 e 9 de setembro, unha romaría popular adicada a esta singular advocación mariana. Oficios relixiosos, procesión e comida campestre son os protagonistas desta romaría.



O Concello de Sober participa na 19 edición de Xantar



Gold List Traveler Internacional destaca a Balneario de Mondariz entre os mellores destinos do mundo para 2018

Balneario de Mondariz, entre os mellores destinos do mundo, na Gold List Traveler 2018, que elaboran anualmente os expertos de Conde Nast Traveler, a revista de maior prestixio internacional no sector de viaxes, na súa selección dos mellores hoteis, spas e destinos, a nivel nacional e internacional. A vila termal galega estréase en 2018 con outro recoñecemento ao seu traballo termal, hosteleiro. Ata a data é o único destino turístico galego galardoado co prestixioso Premio Internacional Traveler Conde Nast, premio recibido en 2012 cando foi premiado como mellor Spa de España.

O novo recoñecemento de Mondariz fundaméntase en recoñecer o labor dun balneario que representa a un dos esta-

blecimentos insignia dentro do termalismo europeo, valorando sobre todo a recuperación da vila termal, seguindo o exemplo de grandes balnearios internacionais como Bath (Inglaterra) ou Baden Baden (Alemaña), así como a recuperación da súa histórica desde a súa creación en 1873, cando foron declaradas as augas dos seus mananciais de Utilidade Pública e o plan de comunicación que se realiza desde o establecemento. Un traballo de recuperación que lle serviu para ser convidado a formar parte, como socio executivo, do selecto grupo de Balnearios Históricos Europeos.

Balneario de Mondariz tamén foi recoñecido co Premio Nacional de Saúde por tres séculos de apoio á medicina natural, proxecto baseado no poder das augas mineromedicinais da vila



Palacio del Agua, spa del Balneario de Mondariz

termal galega. A elección do Balneario de Mondariz para este premio foi unánime por parte do sector do turismo de

saúde, da prensa especializada, así como dos clientes que apoiaron a proposta que trata de recoñecer así o traballo que desde o século XIX desenvolveron os seus fundadores, os Irmáns Peinador, que defenderon a hidroloxía como a ciencia do futuro e o actual labor en beneficio da medicina que se desenvolve actualmente por parte do equipo que preside Javier Solano Rodríguez-Losada.

‘Mellor balneario de España’ por dous anos consecutivos

Non é a primeira vez que o Balneario é destacado polo sector e os clientes, sendo recoñecido o seu prestixio no 2005 como Mellor Hotel con Wellness do ránking da revista especializada Bussiness Traveler. En 2007 foi premiado como Mellor Aloxamento Galego

2007, na X Gala do Turismo e Gastronomía de Galicia.

Estos recoñecementos complétanse co Premio Thermaspa ao Mellor Balneario de España nos dous anos consecutivos, 2005 e 2006, que otorgou o sector hosteleiro ao Balneario de Mondariz, coincidindo coa inauguración do Palacio da Agua, un spa de máis de 3.000 metros cadrados dedicados ao ocio termal.

Balneario de Mondariz, tamén foi elixido Mellor Proxecto Turístico nos Premios Executivos 2013 reforzando unha idea que naceu vinte e cinco anos da man do empresario Javier Solano e que supuxo o inicio da recuperación dun dos balnearios máis antigos de Europa, adaptando o termalismo tradicional ás necesidades do século XXI.



Kiko Rial, director xeral, e Javier Solano, presidente de Balneario de Mondariz.